

Gobernar na crise, gobernar a crise

Description

Na casa almacenan aceite, leite e azucre na memoria dun tempo de confrontación e escaseza que viviu a familia e que a venezuela actual lembra. Sabemos o que significa guerra civil.

Na rúa coa mesma melodía se entoan: Chávez, se va, se va... se va, ou, Volvió, volvió... volvió. Golpes de estado, manifestacións xigantescas de signo oposto, paros patronal-sindicaís, pronunciamentos militares, descualificacións, desobediencia civil, xa forman parte da atípica paisaxe local.

Sentamos no sofá, abandonado horas antes polo embaixador norteamericano Charles Shapiro ao que coa fina ironía dunha retranca galega lle comentou: Sempre que me visita vostede, pasa algo no país ¿Me podería adiantar que vai acontecer agora?

María Cristina Iglesias, filla dun monfortino, desprazado da RENFE, nace en Valladolid no 1958. Coñece perfectamente Monforte, mais nunca retornou a Valladolid.

Socióloga por querer cambiar o mundo, viviu a inclinación pola arte na Dirección de Planificación da Fundación para a Cultura. Bolseira polo ICI (Inst. de Coop. Iberoamericana) cursa na Escola de Altos Estudos Empresariais de Barcelona.

Retorna para traballar na Fundación Nacional da Cultura ou no Congreso, ostentando altos cargos. No Municipio de Caracas, exerceu a D. Xeral de Xestión Cidadá e Mercados, amais de ser alcaldesa por tres meses. Desde marzo é ministra de Traballo en plena convulsión política.

Mª Cristina Iglesias. Ministra de Traballo de Venezuela.

¿É probable un novo golpe de Estado?

Pode existir en calquera país do mundo, pero en Venezuela non vai volver haber un golpe de estado a curto prazo. Isto está absolutamente claro.

¿Hugo Chávez, e o presidente de todos?

Si, pero teño que engadir que non é un proceso político neutro. Ten un contido de clase importantísimo, tal como tiveron outros procesos históricos.

Mentres fixemos cambios no ámbito do político xurídico, non houbo grandes problemas. Agora cando se están a tocar cuestións afectan a estrutura económica e cando agroma a conflictividade.

¿Por que perden o apoio das clases medias?

Hai certas cousas que debemos facer exactamente ao revés do que fixemos en determinados momentos. Ter un discurso máis suave e implantar políticas máis radicais.

Amáis, temos unha oposición moi visceral, irracional. Cunha oposición seria, este xogo inacabable do gato e o rato tería que ter rematado hai tempo. Interésanos moito ter unha oposición seria, democrática, mais lamentamos que non sexa así.

¿Inquedan concentracións como a da Praza de Altamira?

Altamira é unha das cousas máis útiles que tivemos. ¿Canta xente estivo en altamira nos momentos máis álxidos? ¿5.000 persoas?, ¿10.000? Militares golpistas arroupados por unha parte da oposición, nunha estratexia autodesgastante, sen saída, non deixa de ser un factor de consolidación para o goberno constitucional.

¿Ainda é posible introducir racionalidade na política venezolana?

A maioría dos habitantes do país non responden a tipoloxía crispada á que hoxe asistimos. A principal oposición son os medios de comunicación, que teñen substituído aos partidos. A CTV, non é o referente dos traballadores. As institucións está trasgadas, distorsionadas.

Se os medios rebaixasen o nivel de crispación, automaticamente descendería no nivel de tensión na clase media.

Certo que temos extremismos dous dos lados, irracionalidade que temos que saber rebaixar ou manexar.

¿Pódese transmitir máis tolerancia dende o Goberno?

Eu teño aprendido moita tolerancia do presidente da República. Me ensinou a rebaixar o ton dos discursos. Logo do golpe de estado do 11-A, eu tería sido moitísimo menos suave, na toma de decisións.

Sentouse a negociar con esta oposición tan irracional. Nunca nos levantamos da mesa de diálogo. Non se atacou coa garda nacional, non se detivo a militares. Non temos caído en ningunha das súas provocacións. ¿Isto non é tolerancia?

¿O país está paralizado institucionalmente?

Chegamos ao poder sen unha grande experiencia de goberno, pero temos aprendido a gobernar en crise, a pesares do aparente nivel de confrontación. Por exemplo, non paramos de asinar convenios entre empresarios e traballadores, non paramos de tomar medidas para incidir na orientación económica que desexamos. Acostumámonos a gobernar cun nivel de conflito permanente de baixa, mediana ou de grande intensidade. Compatibilizamos accións de goberno e de manexo da crise.

¿Cal é o eixo básico da acción do goberno?

Ten que ver co vello soño da humanidade de liberarse das diferencias sociais e das distintas formas de escravitude. Non é unha loita nin local, nin contemporánea. É a eterna pelexa da humanidade por saír das súas diferentes condicións de miseria. ¡Ogallá! vexamos pronto a pobreza como un estigma que debemos erradicar, tal como fixemos coa escravitude, que no futuro teñamos que buscar documentación para saber como era ser pobre. Ese é o reto da humanidade.

¿Poden convivir democracia e pobreza?

A democracia é imposible que conviva cun modelo de totalitarismo económico. Se existe un estado de dereito, pero non existe un estado de xustiza, entón está claro que non hai democracia.

¿Están a implantar cambios profundos no modelo económico?

Si son profundos, mais temos que ter en conta que estamos dentro do marco dunha constitución burguesa.

Venezuela é un país monoprodutor case dependente dun só rubro, o petróleo. ¿Qué fai este goberno? Estamos a tratar de fortalecer o desenvolvemento capitalista. Na practica o que nos pretendemos é ter independencia económica en sectores que son claves como o agroalimentario, a construción, etc. Non cultivamos un só grao de trigo, mais non deixamos de importar trigo e de comer pan. Podemos producir millo, mais estamos a mercar preto do 70% do que consumimos, o mesmo acontece noutros sectores.

Entón, ¿onde está o conflito?

O que para nos é unha prioridade, afecta a intereses de importadores e de países suministradores. Por tanto, si son cambios profundos, aínda que nos movamos nun contexto constitucional burgués. Por iso somos incómodos, aínda que en definitiva busquemos o desenvolvemento do capitalismo interno. Calquera capitalista sensato con vocación productiva, apoiaría o tipo de medidas que estamos acordando.

¿O petróleo é o excremento do demo para Venezuela?

O Petróleo é un arma de negociación magnífica que temos, mais durante moito tempo fomos un país petroleiro, agora só somos petrolífero.

Debemos utilizar a forza que nos da ser un gran produtor, pero temos que desenvolver tecnoloxía interna no sector e diversificalo. Desexamos manexar certos recursos bancarios de política económica para mellorar o proceso productivo interno.

¿Que papel xogan os medios en Venezuela?

Temos dúas realidades: a mediática- virtual e a da realidade cotiá. Quen veña a Venezuela pode comprobalo. A nos interézanos moito que veña a Comisión Cárter, que veña Cesar Gaviria e comprobemos as dúas realidades por si mesmos. Sérvenos para non estar illados das institucións e da opinión pública internacional.

¿E comunista a polémica Lei de Terras?

Nace con polémica por descoñecida, pero é sumamente conservadora, só afecta a unha parte ínfima.

Hai que ter en conta que o 92% da poboación de Venezuela vive en cidades e dese 92%, case o 92% vive en condicións de barrio. Entón eu lle dicía ao presidente que o que en realidade precisamos era unha lei de terras urbana, máis que unha lei rural.

Me pediron que redactase un proxecto. ¿Para cando o queren preguntarei? Para mañá, foi a resposta.

Nesa noite, empecei ás sete e rematei ás cinco da mañá un texto de cinco páxinas que levaba por título A Democratización do Territorio.

Pero se paraliza a execución...

Claro, chegou unha crise forte e comprían no goberno persoas dun perfil determinado para prepararse cara o que ía vir. No mes de marzo ten lugar outro inconveniente, ao seren nomeada ministra de Traballo, tiveron que asumir responsabilidades en temas nos que nunca traballara, mais sen abandonar nunca o proxecto da democratización da terra urbana.

¿É o seu gran proxecto?

Era unha boa bandeira para acadar a gran transformación urbana nun país como o noso. Seguindo xa as experiencias de Río de Janeiro, as de México, as de Bos Aires, entroutras. Organizamos máis de 500 comités de terra urbana, a maioría en Caracas. O día 2 de novembro entregamos os primeiros lotes de terra en propiedade. Tamén se van comprometer coa Carta do Barrio.

Penso que nunca debín saír dese mundo no que me considero útil, no que estou cómoda e onde, en definitiva podo facer transformación cultural, involucrar a sociedade nas intulacións de goberno, dende as máis minúsculas cara as máis representativas. No fondo unha revolución e unha transformación cultural. Non é outra cousa.

¿Que é a Carta de Barrio?

Algo ase como unha constitución pequeniña, un mini plan estratéxico de cambio da zona, no que se recolle tamén o que desexan facer os veciños con ese contorno.

¿Como se organizan?

Cada comité de terra ten unhas 200 persoas que representan ao barrio, a xeito de parlamentarios a pequena escala. Neles observamos unha gran claridade nos obxectivos comúns, no desexo de facer dos barrios auténticos lugares productivos e, ao tempo, avanzar na urbanización de lugares abandonados polas administracións e que eles principiaron a dotar de servizos. Tamén poboar o sur do país, hoxe case deshabitado.

¿Ten cuantificado o Ministerio o aporte patronal ás folgas, ao non descontar o salario?

Non teño ese dato, nin penso que sexa relevante. O importante é saber o que parou o día 10-O. O 81% daqueles sectores que contribúen ao PIB do país non parou. Por tanto, o país non parou. Compre outra pregunta, ¿quen parou? e ¿por que

parou? Pararon unha parte dos comerciantes. En Caracas, na cidade máis afectada polo paro, os comerciantes pararon nun 50%. O leste da cidade era unha cousa, no Oeste a cousa era ben diferente. A presión mediática era tal que eu entendo aos comerciantes que non abriron.

Cando sobre as 13 horas coñezo as declaracións de Ortega (presidente da Central de Traballadores Venezolanos), observo o seu grao de indignación. A razón fundamental non é outra que non conseguiran parar o país.

A crise económica de 2002, cun desemprego do 16%, cunha contracción da economía do 7,1% no primeiro semestre (no 2001 o crecemento era do 3,4%), coa metade da poboación no sector informal, cunha renda per cápita que caeu nun 12,6% nos últimos catro anos e cunha inflación acumulada nos 10 primeiros meses do ano do 27,8%, ¿pode debilitar ao goberno?

Claro que si, este é o verdadeiro factor de preocupación para nos. O problema é económico, xa non o político que temos perfectamente encamiñado aínda que contribuíse a meternos en crise.

Mais debo dicir que son optimista. Dou un dato: A Ford, a General Motors, A Chrysler asinaron acordos con traballadores e goberno para o desenvolvemento industrial. A Toyota esta estudiando mudar a súa fabrica en Latinoamerica para Venezuela como parte deste convenio. Falo de transnacionais que non pensan no, pretendido, comunismo venezolano.

¿A fondura da crise ten que ver co pago da débeda social?

Si. O investimento en salarios mínimos, educación, deporte efectivamente puido ser un dos factores de desequilibrio orzamentario, pero tamén outros factores como os movementos especulativos do capital financeiros, o movemento conspirativo económico dentro do propio estado e unha rede funcional fiel ás administracións do pasado, agora na oposición.

¿Seguira acceso o conflito?

A oposición aínda non entendeu que non hai nada peor para un conflito que a banalización do mesmo, se non dan saídas a saturación debilitará á oposición.

Poño un exemplo. Afrontamos unha folga médica dende hai sete meses, con esixencias políticas. O conflito xa se banalizou, xa non ten interese na audiencia, deixou de ser unha presión.

¿Cal é o horizonte para o próximo ano?

Contemplamos un futuro de máis estabilidade. Primeiro, porque penso que imos gañar calquera referendo ou elección que se nos atravesese no camiño. Gañamos sete, a última o ano pasado.

O nivel de altísima confrontación que manteñen os medios, terá que rebaixarse para non saturar a sociedade. Nós facemos análises de medición de audiencias nos medios de comunicación cada dúas horas, e podo asegurar que teñen baixado de forma notable. E máis, podo asegurar que nas últimas tres semanas o tratamento informativo ten mudado cara un punto de maior racionalidade. Non se asemella, en nada, o que acontecía hai catro ou cinco meses.

Acceso ao artigo orixinal no repositorio web 1998-2012

APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS

Latinoamérica ARQUIVO

IDIOMA

Galego

Date Created

Novembro 1, 2002

Meta Fields

Autoria : 10036

Datapublicacion : 2002-11-01 00:00:00